

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA 2017

O Presidente de ESPAZOCOOP, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP, o **venres 2 de xuño de 2017** en **Santiago de Compostela**, na **Cidade da Cultura** (Monte Gaiás. Biblioteca e Arquivo de Galicia. Sala 1). Sendo a primeira convocatoria ás 15:00 h. e a segunda ás **15:30 h.**

Orde do Día:

1. Informe de xestión e económico do exercicio 2016.

Preséntanse as actividades desenvolvidas e as contas do 2016, das entidades fusionadas (Sinexia Ugacota e Ucetag).

Darase lectura ás informes de intervención ou auditoría de contas, das entidades fusionadas.

2. Aprobación, se procede, das contas anuais e da distribución de resultados.

En base aos puntos anteriores, someterase a votación a aprobación das contas e do destino do resultado existente, das entidades fusionadas

3. Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, para o exercicio 2017: actuacións e orzamento.

Presentaranse, para o seu acordo, as actividades que pensamos que debe abordar ESPAZOCOOP ao longo de 2017.

4. Cota asociativa.

Abordarase o importe da cota asociativa, para 2017.

5. Elección das persoas que asinarán a acta.

Xunto co presidente e secretario da asemblea.

6. Rogos e preguntas.

Dinámica de debate e reflexión: " Que servizos lle pedimos a Espazocoop, para axudarnos a consolidar a nosa cooperativa?"

Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2017.


espazo coop
unión de cooperativas galegas
Asdour Celso Gándara Carnero
Presidente de Espazocoop

Importante: Ao rematar (hora prevista 17,30h) trasladámonos ao Auditorio 2 do CINC, para participar na **Xornada de visibilización do cooperativismo "Ven a coñecer ás cooperativas: unha oportunidade para cambiarlo todo"**, que se desenvolverá de 18 a 20h.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de ESPAZOCOOP, establecen que:

Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social.

O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión.

Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

Artigo 24.- Dereito de voto

1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.

2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

O LUGAR DE CELEBRACIÓN

A Cidade da Cultura atópase no Monte Gaiás en Santiago de Compostela. A Asemblea celebrarase na sala 1 do edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia.

